

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E A DISPOSICIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31/12/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para a realización de actividades de formación en linguaxe administrativa galega e a disposición do material audiovisual necesario para o desenvolvemento das probas que convoca a Secretaría Xeral de Política lingüística para obter os certificados de lingua galega (Celga).

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

As partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado en 2004, que recolle, entre os seus obxectivos respecto do sector dos medios de comunicación, o de poñer ao alcance do seu persoal os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lle asegure unha completa capacitación lingüística e un emprego doado galego no seu traballo profesional. De igual modo, tamén colaborarán na implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado en 2016, para fomentar o uso do galego nos diferentes eidos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

